

Suxestión dirixida ao Concello de Soutomaior para que valore a posibilidade de crear colonias felinas e que, de ser o caso, solicite a colaboración da Deputación Provincial.

Recordatorio de deberes legais dirixido ao Concello de Soutomaior para que na tramitación dos expedientes actúe de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade.

Expediente: N.9.Q/4327/22

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2023.

Sr. Alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de XXX.

### **ANTECEDENTES**

**PRIMEIRO:** No seu escrito de queixa, a reclamante expón como motivo da mesma o seguinte:

*Hace más de 6 mese que se han recogido firmas para la implantación de un método cer (coger, esterilizar y soltar) a las colonias existentes de gatos callejeros en dicho ayuntamiento, hasta el día de hoy no hemos recibido ninguna respuesta.*

No mesmo escrito, engade que:

*Se ha intentado contactar en varias ocasiones con el ayuntamiento sin respuesta posible, ni interes por la situación de los animales callejeros, el aumento de la población y sus necesidades tanto de alimentación como de salud, debido a no estar controlados y se han registrado las firmas de los vecinos del municipio.*

*Esta semana 2 voluntarias y alimentadoras han tenido que tomar la triste decisión de sacrificar a un cachorro de apenas mes y medio de vida, por una desnutrición muy grande e infección tremenda, así hay muchos bebés y adultos que están ahora mismo desatendidos por falta de gestión y medios para poder ayudarles tanto en alimentación como en salud.*

*No siendo responsabilidad de los vecinos de atender a los gatos callejeros, aún así muchos gastan de lo que no tienen para poder alimentarlos.*

*Por la ley de protección y bienestar animal es algo que le compete al ayuntamiento y que debe empezar a preocuparse ya que esto no es de ahora, llevamos años con el mismo problema y sin solución.*

*En una ocasión de llamada de un vecino solicitando ayuda, el propio ayuntamiento lo ha derivado a una asociación voluntaria del ayuntamiento vecino, alegando que no tienen un protocolo de actuación para casos de gatos. Por la presente ruego que se pueda buscar una solución por el bienestar tanto de animales como de vecinos.*

**SEGUNDO:** Ante iso requirimos informe a ese concello, que indica o seguinte:

*Que este concello de Soutomaior, dada as súas características de poboación, extensión e complexidade non conta cun servizo de medio ambiente propio que poida adicarse ao control exhaustivo de colonias felinas, nin a recollida de cans abandonados.*

*Porén, os seus esforzos nestes últimos anos para foron numerosos para mellorar a situación dos animais abandonados:*

- Por un lado, a prestación de servizos veterinarios de desparasitación, vacinación e control sanitario de felinos a demanda ( achéganse facturas de servizos sanitarios aboadas polo concello nos exercicios 2019, 2020 e 2021)*
- Por outro, o convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a recollida de cans abandonados, ao que este concello está adherido desde o ano 2012 (achéganse cargos de servizo de recollida de animais aboados polo concello nos exercicios 2019, 2020 e 2021).*

Por todo o exposto, cómpre facer as seguintes:

### **CONSIDERACIÓNS**

**PRIMEIRA.-** En primeiro lugar debemos ter en conta que neste expediente se plantexan dúas cuestións:

- A falta de resposta do concello .
- A cuestión de fondo que é “as colonias felinas”

**SEGUNDA.**- Respecto da primeira cuestión plantexada, cómpre ter en conta o seguinte:

- O marco xurídico vixente configura un sistema de garantías do cidadán na súa relación coa Administración que descansa sobre mecanismos de participación dos cidadáns, cuxa finalidade responde a facer compatible a actuación eficaz da Administración co exercicio dos dereitos dos cidadáns e, en consecuencia, ese sistema debe responder á súa propia natureza garantista, o que conleva a necesidade de resolver expresamente, como regra xeral, as solicitudes e recursos que se formulen e que esa resolución estea motivada e notificada aos interesados con indicación de se é ou non definitiva na vía administrativa e recursos e prazos que procedan para interpoñelos.

- Se a persoa interesada utiliza o dereito de petición ante o concello, este ten a obriga de acusar recibo de cada petición que presente comunicándollo ao interesado dentro dos dez días seguintes á súa recepción.

No caso de que proceda a declaración de inadmisibilidade do pedido, tal decisión será sempre motivada e deberá acordarse e notificarse ao petionario nos corenta e cinco días hábiles seguintes ao de presentación do escrito de petición.

Se o concello considera que o contido dalgún escrito presentado non atopa encaixe no dereito de petición, entón a declaración de inadmisión da petición deberá indicar expresamente as disposicións a cuxo amparo deba sustanciarse. Nestes casos os escritos serán tramitados, en principio e con carácter xeral, conforme ao previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na que tamén se establece a obriga de contestar expresamente (artigo 21 da citada Lei 972015).

Destacar tamén que cando o interesado presente un escrito solicitando que se lle facilite unha determinada información municipal que obra nos arquivos ou rexistros do concello, está exercendo o dereito contemplado no artigo 13 d) da xa referida Lei 39/2015, así como nos artigos 12 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e nos artigos 207 e 231 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

- En calquera caso a Administración está obrigada a responder ao cidadán que acude a ela debendo ofrecerlle unha resposta por escrito que ademais sexa unha resposta directa, rápida, exacta e legal, fundada en tempo e forma adecuada ao procedemento que corresponda e congruente coas pretensións expresadas, todo elo con prontitude e sen demoras inxustificadas

**TERCEIRA.**- Respecto da cuestión de fondo, cómpre ter en conta o seguinte:

- Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da queixa e o exposto na información remitida por ese concello dedúcese que:

1º.- O Concello de Soutomaior non conta cun servizo de medio ambiente propio que poida adicarse ao control exhaustivo de colonias felinas, nin a recollida de cans abandonados.

2º.- Sen prexuízo do exposto e segundo informa ese concello, realizou esforzos para millorar a situación dos animais abandonados a través de:

-Prestación de servizos veterinarios de desparasitación, vacinación e control sanitario de felinos a demanda (achéganse facturas de servizos sanitarios aboadas polo concello nos exercicios 2019, 2020 e 2021).

-Do convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a recollida de cans abandonados, ao que este concello está adherido desde o ano 2012 (achéganse cargos de servizo de recollida de animais aboados polo concello nos exercicios 2019, 2020 e 2021).

- A tal efecto a Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, no seu artigo 5. Principio xeral, dí:

*“Todas as administracións públicas de Galicia cooperarán no desenvolvemento das medidas de defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei e mais na denuncia perante os órganos competentes de calquera actuación contraria ao disposto nela.*

No artigo 6. Competencias das administracións en materia de protección animal, prevé:

*“1. Atribúese ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal.”*

#### Artigo 26. Colonias felinas

*1. Os concellos poderán establecer, conforme as condicións e os requisitos que se determinen regulamentariamente, lugares destinados a colonias felinas controladas, como un posible destino das comunidades de gatos sen propietario ou propietaria que vivan na rúa, sempre que as condicións do contorno o permitan, co fin da súa protección e control poboacional.*

*2. Os gatos integrantes destas colonias deberán ser capturados para a súa marcaxe, esterilización e control sanitario. A identificación realizarase a nome do concello, ao que lle compete a vixilancia e o control sanitario destas poboacións.*

*Disposición transitoria terceira. Establecementos de animais de compañía, adopción de animais abandonados, acollemento temporal e colonias felinas.*

*Os novos requisitos e as medidas establecidas nesta norma para a entrega en adopción dos animais abandonados, o acollemento temporal deles e a creación de colonias felinas deberanse adoptar no prazo máximo de dezaioito meses a partir da súa entrada en vigor.”*

Por todo o exposto, e tendo en conta que o concello non dispón dun servizo de medio ambiente, que o concello vén realizando prestación de servizos veterinarios de desparasitación, vacinación e control sanitario de felinos a demanda e que está adherido ao convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para a recollida de cans abandonados, considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Soutomaior a seguinte

#### **SUXESTIÓN:**

*Que do xeito que considere oportuno e conveniente, en uso das súas competencias, valore a posibilidade de crear colonias felinas e previo acordo de colaboración coas asociacións de protección e defensa destes animais, as autorice e acredite para o coidado diario, captura, esterilización o solta, e que de ser o caso, solicite a colaboración da Deputación Provincial.*

E o seguinte

## **RECORDATORIO DE DEBERES LEGAIS**

*Recordámoslle que na tramitación dos expedientes deberá actuar de acordo cos principios de eficacia, economía e celeridade establecidos no artigo 103 da Constitución, contestando expresamente e por escrito, nos termos que estime oportunos, ás solicitudes e peticións que lle sexan formuladas, dentro dos prazos previstos na lexislación específica ou, no seu defecto nos prazos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes dea conta a esta institución da aceptación do recordatorio de deberes legais formulado, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta se incluírá na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo